
O NENO DO PIXAMA A RAIAS

Texto de JOHN BOYNE

Tradución de DANIEL SAAVEDRA

Deseño de MARC TAEGER

Encadernación rústica. 14,5 x 21 cm. 192 páx. 14 €

ISBN 978-84-96957-20-6. Faktoría K de Libros. Narrativa K.

IRISH BOOK AWARD

FINALISTA DO PREMIO 'BORDERS ORIGINAL VOICES'

FINALISTA DO 'OTTAKAR'S CHILDREN'S BOOK PRIZE'

...Cremos que é importante empezar esta novela sen saber de que trata. Nembargantes, se decides embarcarte na aventura, debes saber que acompañarás a Bruno, un neno de nove anos, cando se muda coa súa familia a unha casa onda unha cerca. Hai milleiros de aramados coma ese en moitos sitios do mundo; só desexamos que nunca te atopes con ningún, e se o fas, que teñas forza para librarte del...

Esta novela do escritor irlandés John Boyne converteuse nun fenómeno editorial de altísimo nivel: traducida a máis de corenta e dous idiomas, vendeu máis dun millón de exemplares en castelán, foi líder de vendas en durante semanas en varios países e realizouse unha adaptación cinematográfica. En galego vai xa pola súa oitava edición.

Trátase dunha fábula literaria para todos os públicos, que bebe de fontes como Charles Dickens, John Irving, Philip Roth, Anne Tyler ou Alexandre Dumas...

Existen no mercado editorial moitas propostas sobre esta temática, pero poucas do calado de "O neno do pixama a raias". A esta súmanse títulos -destinados ao público infantil- como "A historia de Erika", de Ruth Vander Zee e Roberto Innocenti (dispoñible en galego e castelán) e "Sálvate Elías!", de Élisabeth Brami e Bernard Jeunet (dispoñible en galego, castelán e catalán), os dous editados por KALANDRAKA.



-
- **Temática:** novela ambientada nun campo de concentración nazi, narrada por un neno.
 - **Idade recomendada:** lectores xuvenís e adultos.
 - **Aspectos destacables:** do autor de "Motín na Bounty" e "Noah Barleywater escapa da casa", editados por FAKTORÍA K.
-

John Boyne

(Dublín, 1971)

Estudou Literatura Inglesa no Trinity College de Dublín, e Escritura Creativa na Universidade de East Anglia, en Norwich. Ten publicadas sete novelas, entre as que destacan varios best-sellers internacionais, como "Motín na Bounty", editada en galego por FAKTORÍA K, "The house of special purpose" e "O neno do pixama a raias", que foi traducida a máis de corenta dúas linguas. Esta obra converteuse axiña nun fenómeno editorial ao vender máis de cinco millóns de exemplares en todo o mundo. "O neno do pixama a raias" gañou dous 'Irish Book Award' e foi finalista dos premios 'Borders Original Voices' e 'Ottakar's Children's Book Prize'. Tamén encabezou a lista dos libros máis vendidos do diario The New York Times e foi levada ao cine pola prestixiosa produtora Miramax. Por outro dos seus títulos, "Index on Censorship", John Boyne foi proposto tamén ao Premio Ungari Unicef e á Medalla Carnegie.